

SICIXIA

[Ignacio Vilar, 2016]

172

ESTREA EN NUMAX: 25.11.2016 | v.o. | +12

Sicixia (2016, 98')

Dirección: Ignacio Vilar

Guión: Ignacio Vilar

Reparto: Monti Castiñeiras, Marta Lado, Arantza Villar, Melania Cruz, Artur Trillo, Dani Trillo, Tamara Canosa

Montaxe: Fernando Alfonsín

Son: Bernat Fortiana

Fotografía: Diego Romero Suárez-Llanos

Produtora: Vía Láctea (España)

Distribuidora: Vía Láctea

Formato de proxección: DCP 2K

Idioma orixinal: Galego

FILMOGRAFÍA

A esmorga, 2014

Vilamor, 2012

Pradolongo, 2008

Un bosque de música, 2004

Ilegal, 2003

PREMIOS E FESTIVAIS

Toulouse 2016

(mellor actriz –Marta Lado–)

SINOPSE

Xiao é un enxeñeiro de son que percorre as localidades e lugares máis recónditos de Galicia na procura de sons, da xente e da natureza. Nesta viaxe coñecerá a Olalla, quen traballa na colleita de algas e espertará en Xiao a paixón pola vida, a terra e o salvaxe da Costa da Morte.

«*Sicixia* é un deses filmes que por moitas veces que se vexa un sempre atopa algo novo»

Xosé Ameixeiras, LA VOZ DE GALICIA



SICIXIA

[Ignacio Vilar, 2016]

«A imaxe da Costa da Morte é impresionante pero o son é o que máis me chegou»

Entrevista a Ignacio Vilar

Por R. Castro

Por que Sicixia? Sicixia prodúcese cando a terra, o sol e a lúa están en liña recta. E fíxate que hoxe que empezamos a rodar, é sicixia, é lúa chea, e o filme fai honor a esa conxunción dos tres astros. Cando estás na Costa da Morte os astros inflúen en nós, nos personaxes e nos océanos. O título ten moito que ver con esta zona e coas personaxes.

É unha historia de amor na fin do mundo, non é? É un diálogo entre o documental e a ficción. E na ficción hai unha historia de amor e desamor. O protagonista é un enxeñeiro de son do Arquivo Sonoro de Galicia, que está no Gaiás, e ese arquivo desde hai anos recolle toda a riqueza dialectal do noso idioma. A el encárganlle recoller os sons na Costa da Morte. Para min iso é o que poderíamos chamar documental, porque van participar persoas de distintos lugares da comarca, porque eles non só nos van transmitir os seus acentos senón tamén que é a Costa da Morte. Os personaxes interrelaciónanse con eles e vai haber un diálogo entre ficción e realidade. Por exemplo, van participar varias señoras do Ézaro que ían vender o peixe de madrugada cando eran novas, cargadas con quilos e quilos na cabeza.

Toda esta xente conta a súa historia real... Si, e interrelaciónase coa ficción.

A Costa da Morte é un personaxe máis entón... Si, é a gran protagonista. E o son. Eu cando pasei aquí seis meses, preparando o guión, confirmei que a imaxe é impresionante, iso todo o mundo o sabe, pero o son é o que máis me chegou. E cando escitei por primeira vez a pedra de abalar quedei abraiado.

A xente aínda vai en pergrinación a escoitar abalar a pedra. A propia Rosalía foi, está confirmado. Foi uns días coa súa amiga Eduarda Pondal, irmá do poeta, á Virxe da Barca. E houbo unha peste de tifo e tiveron que estar illadas durante dous meses. E debeu escoitar a pedra de abalar, porque aquel que a escoita creo que o inflúe, porque ese son da natureza, tan unido á terra e ao mar, queda aí. Tamén che falo do son da cova da Xoana no Monte Pindo. E esas variedades dialectais tan ricas do noso idioma, eu creo que teñen que ver coa natureza e cos sons da natureza que vive esa xente.

É un guión orixinal teu, non? Si, aínda que participaron máis persoas.

Hoxe reanudades a gravación, que comezou o verán pasado na rapa das bestas de Sabucedo, e remataredes a rodaxe o 25 de marzo. Estará lista para novembro, non? Se todo vai ben estaremos o 21 de novembro. É unha boa data porque ese día tamén estreamos *A esmorga*.

Logo do éxito da Esmorga, a distribución será máis doada, non?

Nós distribuimos directamente e negociamos nós. Todos os filmes que fixemos até o de agora foron negocio para os cinemas, así que iso ábreche as portas porque se todos ganamos, é ben para todos. E eu creo que o noso cine, o cine en galego, como demostrou *A Esmorga*, pode dar beneficios a moita xente, incluídas as salas de cinema.

O filme está gravado en dixital, non?

Si, este filme sería imposible en cine. Porque o dixital permite un equipo reducido, cunha cámara que podes ir de interior a exterior sen ter que iluminar. Un equipo de cine tamén lle quitaría a frescura á xente que non é profesional, nós intentamos que a cámara pase desapercibida, e iso dácho o dixital. O noso obxectivo é lograr captar todo o que nos está transmitindo a Costa da Morte e a súa xente.

Publicado en <http://www.sermsgaliza.gal/>

NA LIBRARÍA NUMAX

A esmorga, Ignacio Vilar. Vía Láctea [DVD]
Retratos da Costa da Morte, Ramón Caamaño.
CEF Vigo, 2002

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME